



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Participación

Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026

ANUNCIO

De acordo co disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, por medio do presente anuncio faise público que a Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol aprobou na sesión de data 13 de febreiro de 2024 o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026, que se transcribe de seguido:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS CONCELLO DE FERROL 2024-2026

ÍNDICE

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

- a) Introducción.
- b) Regulación normativa.

2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN.

3. CONTIDO DO PLAN.

4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

5. ÁMBITO SUBXECTIVO.

6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN.

7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.

- a) Misión.
- b) Obxectivos estratéxicos ou xerais.
- c) Principios xerais.

8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.

9. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.

- a) Beneficiarios.
- b) Procedementos de concesión.

10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO.

- a) Efectos.
- b) Prazos de execución.
- c) Custos previsibles.
- d) Financiamento.

11. CONTROL E SEGUIMENTO.

- a) Control do Plan Estratéxico.
- b) Seguimento do Plan Estratéxico: Indicadores de cumprimento de obxectivos.

12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

ANEXO I PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2024-2026

ANEXO II DATOS AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉXICO 2021-2023

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

a) Introducción.

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Dende a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

Dende esta perspectiva, a Lei xeral de subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á súa vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003 establece, como elemento de xestión e instrumento da devandita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar, os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, a fin de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo iso con carácter previo á concesión.

Ademais, a lei expón un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ó nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos e, polo tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Configúrase así o plan estratéxico como o complemento necesario para articular a concesión de subvencións con respecto ós principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

b) Regulación normativa.

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en adiante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en adiante RXS e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP nº 200, de 21/10/2019).

A Lei 38/2003 introduce, como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das Administracións Públicas, a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan Estratéxico de Subvencións, que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, con obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, recolle no seu artigo 8.1, *“Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”*.

O citado artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do RXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

Nos mesmos termos, cómpre subliñar que a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5º pon de manifesto que “Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións...” . Igualmente o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dedica o capítulo II ós Plans Estratéxicos.

Segundo o artigo 11 do citado RXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ó cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o marco normativo xeral complementábase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- As normas municipais de execución orzamentaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos orzamentos.

De conformidade co anterior, o Plan estratéxico de subvencións deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deberán estar recollidas no citado Plan.

A xestión das subvencións axustarase ós principios legais xerais:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación de tódolos servizos municipais con actividade de fomento responsables da xestión de subvencións no Concello de Ferrol.

2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN.

O Plan estratéxico de subvencións é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro mediante a corrección das desviacións observadas.

E do expresado e a regulación do Plan estratéxico de subvencións dedúcese que a súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando, para iso, as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais, a natureza do Plan estratéxico de subvencións como instrumento de xestión de carácter programático e sen rango normativo, supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarios de subvencións, non creando, deste xeito, dereitos nin obrigas para estes. A súa efectividade quedará condicionada á execución das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Polo tanto, o establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o Plan estratéxico de subvencións debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendabilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados.

Configurado o Plan estratéxico de subvencións como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Ferrol a través das distintas Áreas que o integran, unha das principais utilidades que persegue é a sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos orzamentos, contribuíndo desta forma a unha avaliación futura da actual política de subvencións a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

3. CONTIDO DO PLAN.

O seu contido deberá axustarse ó previsto no artigo 12 do RXS que, igualmente, prevé a súa avaliación e seguimento. Neste sentido o citado artigo establece canto segue:

“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

- a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ó mercado, deberánse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

b) *Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:*

1. *Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.*
2. *Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.*
3. *Prazo necesario para a súa consecución.*
4. *Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan ós beneficiarios das subvencións.*
5. *Plan de acción no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras das subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.*

c) *Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.*

d) *Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.*

2. *O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos casos de subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións.*

3. *Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes as disponibilidades orzamentarias de cada exercicio”.*

O Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 recóllense no Anexo denominado **“ANEXO I PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2024-2026”** no que se especifican:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.
- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución.
- Custos previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de seguimento e avaliación.
- Réxime / Modalidade de concesión.
- Beneficiarios / Destinatarios.
- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.

4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é a Xunta de Goberno Local consonte o establecido no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol aprobada polo Pleno na súa sesión de data 15 de outubro de 2019 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 200, de data 21 de outubro de 2019, que literalmente di: *“Será competente para a aprobación deste plan estratéxico a Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións que se confiran”.*

As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Xunta de Goberno Local a proposta do/da responsable de área competente.

Unha vez aprobado será publicado no portal de transparencia da web municipal para o seu coñecemento, así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

5. ÁMBITO SUBJECTIVO.

O presente Plan Estratéxico de Subvencións debe incluír tódalas subvencións concedidas directamente polo Concello a través das distintas áreas municipais.

De conformidade co establecido no artigo 2.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non están incluídas no ámbito do presente plan por non ter consideración de subvencións as achegas de diñeiro que o Concello de Ferrol efectúa a outras administracións públicas para financiar globalmente a actividade ou programas da administración á que vaian dirixidas, ou entidades ás que pertence o Concello.

6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN.

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2024-2026, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Doutra banda, con ocasión das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte de Área xestora correspondente.

7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.

a) Misión.

Representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello:

“Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades”.

b) Obxectivos estratéxicos ou xerais.

Enténdese por subvención, a efectos deste plan, toda disposición de diñeiro realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

En canto ós obxectivos prioritarios atópanse o fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico, ademais de potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

Son obxectivos xerais do presente plan estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 os seguintes:

- Dar cumprimento ó mandato legal recollido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga ós concellos que, previamente á concesión de subvencións, se proceda a aprobar o seu correspondente plan estratéxico.
- Establecer e normalizar para o conxunto das moi diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións das diferentes áreas do Concello un conxunto de principios e bases de execución comúns ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- Regular, con carácter xeral, o réxime a que ha de axustarse a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo Concello.

c) Principios xerais.

A regulación xurídica en materia de subvencións, así como das Administracións Públicas, establece uns principios xerais de actuación, que son elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións. A saber:

- Principio de publicidade: Este principio materialízase na convocatoria previa na que se garanta a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade

co establecido respecto diso na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nas Bases de execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.

b) Principio de libre concorrencia: O devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, de tal maneira que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

c) Principio de obxectividade: A concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

d) Principios de transparencia e igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: O devandito principio materialízase coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

e) Principios de eficacia e eficiencia: Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación ós proxectos máis eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

f) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e de regra de gasto: A concesión de subvencións axustarase ó principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á regra de gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

g) Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes ós principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

h) Igualdade efectiva entre mulleres e homes: Para dar cumprimento ó establecido no artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, así como no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, inclúese o principio de igualdade no ámbito de aplicación do presente PES, debendo contribuír así á igualdade efectiva entre mulleres e homes nas diferentes subvencións que se outorguen no marco deste PES, puidendo incluír criterios de valoración específicos neste sentido.

8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente plan estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas por áreas, non en tanto, un maior detalle recóllese no anexo que forma parte deste documento:

LIÑA ESTRATÉXICA	ÁREA
1	PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
2	POLÍTICA SOCIAL E INCLUSIÓN
3	CULTURA, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS
4	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE
5	EDUCACIÓN
6	PARTICIPACIÓN CIDADÁ
7	MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO NATURAL
8	IGUALDADE, MENORES, FAMILIA E MULTICULTURALIDADE
9	SEGURIDADE E TRÁFICO
10	TURISMO
11	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

9. BENEFICIARIOS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.

a) Beneficiarios.

Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

b) Procedementos de concesión.

O Concello de Ferrol concederá subvencións nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, con carácter xeral mediante convocatoria pública en réxime de concorrancia competitiva, ou a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidade de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo ós orzamentos xerais do Concello deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Fomentar unha actividade de interese social.
- Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.
- Colaborar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Para os efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrancia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ó Concello de Ferrol por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ó procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO.**a) Efectos.**

O plan estratéxico pretende desenvolver ou canalizar unha serie de actividades que permitan dar ós diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, profesionais, como de lecer. Por iso, a actividade subvencionadora pretende:

- Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
- Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

A aprobación do plan estratéxico de subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ó fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no orzamento municipal con destino a estas subvencións.

b) Prazos de execución.

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ó anual, ou a modificación do período elixible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións; nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente.

c) Custos previsibles.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións en caso de concorrancia competitiva, ou, en casos específicos, das ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión, ou o acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ó cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.

Os custos en cada caso limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Ferrol.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ó seu importe.

d) Financiamento.

As subvencións a que fai referencia este plan estratéxico fináncianse con cargo ós créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

11. CONTROL E SEGUIMIENTO.

a) Control do Plan Estratéxico.

O control e seguimento do presente plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol realizarase de forma anual, en dous aspectos:

1. Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Ferrol, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención xeral se determinen.
2. Control e seguimento do plan. Este plan estratéxico debe ser revisado ó obxecto de:
 - Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
 - Actualizar os importes daquelas que se manteñan.
 - Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Este seguimento realizarase anualmente pola área municipal á que se encomende o seguimento do Plan, para o que cada área ou servizo xestor de subvencións procederá a remitir no prazo específico para cada liña que se marque no anexo a este plan ou, en todo caso, no primeiro semestre do exercicio seguinte, unha **memoria xustificativa coas seguintes especificacións:**

-	Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
-	O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. A tales efectos, dentro de cada unha das liñas de subvención estableceranse uns indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, e que serán recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento para coñecer o estado da situación e os progresos acadados no cumprimento dos respectivos obxectivos.
-	Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do plan.
-	Conclusións ou valoración global.
-	Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións.

Do conxunto das memorias darase conta ó Pleno.

b) Seguimento do Plan Estratéxico: Indicadores de cumprimento de obxectivos.

Os indicadores establecidos para cada unha das liñas contrastaranse cos indicadores obtidos no exercicio anterior, entendendo cumprido o obxectivo cando a variación daquel non supere o 10% (-10%).

Valorarase a modificación ou supresión daquelas liñas de subvención cuxo resultado medio do tres últimos exercicios superen o 10%, debendo ser motivado no seu caso, o mantemento das mesmas.

12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES

En aras a dar cumprimento ó principio de transparencia, tódalas subvencións concedidas polo Concello en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas anualmente na web municipal, no portal de transparencia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, con indicación da entidade receptora, contía desta e proxecto ou acción á que vai destinada. A tales efectos, determinarase a área responsable da remisión da devandita información e o procedemento para levalo a cabo.

ANEXO I PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES PERÍODO 2024-2026

LIÑA ESTRATÉGICA 1	PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
Obxectivos estratéxicos	Apoiar o desenvolvemento socioeconómico e empresarial de Ferrol mediante a promoción comercial, hostaleira, empresarial e turística.
Obxectivos específicos	1. Apoiar o emprendimento na cidade especialmente dirixido aos autónomos e pemes. 2. Impulsar actividades que favorezan a dinamización económica. 3. Apoiar a recuperación do sector empresarial e protección do emprego 4. Fomentar a cultura emprendedora 5. Garantir a capacitación e cualificación para o emprego das persoas traballadoras con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral 6. Poñer en valor sectores estratéxicos para a cidade (marisqueo/pesca; eólico;tecnolóxico, turístico, naval...)
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 1.1. Axudas e subvencións para apoiar e dinamizar os sectores económicos estratéxicos, o emprendimento e a protección e cualificación do emprego de autónomos e pemes LS 1.2. Subvencións nominativas

LS 1.1 – Axudas e subvencións para apoiar e dinamizar os sectores económicos estratéxicos, o emprendimento e a protección e cualificación do emprego de autónomos e pemes				
Áreas de competencia afectadas	Promoción Económica e Emprego			
Sectores ós que se dirixen as axudas	Autónomos, PEMES, sectores comerciais, mercados, hostaleiros, pesqueiros-marisqueiros, turísticos			
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	- Apoiar as iniciativas e actuacións desenvoltas polos sectores na procura da dinamización económica da cidade - Fomentar a cultura e as iniciativas emprendedoras das distintas entidades empresariais así como de potenciais traballadores por conta propia - Contribuír á ampliación da oferta de formación para o emprego e cualificación profesional dirixida a mellorar o acceso ao mercado laboral			
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	- Incrementar o número de actividades e actuacións ao longo de todo o ano en materia de promoción económica dos sectores implicados - Consolidar unha cultura emprendedora coa axuda á creación de novos negocios - Crear novas liñas de estímulo ao pequeno comercio na cidade			
Prazo necesario para a súa consecución	Anual			
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Aplicación orzamentaria: 02104-2412-48000 Período 2024-2026			
	Axudas	2024	2025	2026
	- Actividades de dinamización económica e cultura emprendedora	150.000€	150.000€	150.000€
	- Actuacións para estimular a compra no pequeno comercio de Ferrol	100.000€	100.000€	100.000€
	- Actuacións de apoio ao rexurdimento de zonas comerciais	100.000€	100.000€	100.000€

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Régime de concorrencia Aprobación pola Concello-Pleno das Bases específicas reguladoras de subvencións/axudas Publicación no BOP da provincia Aprobación das súas convocatorias pola XGL e posterior concesión por resolución do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego. Presentación das solicitudes e xustificacións por sede electrónica segundo formularios específicos			
Régime de seguimento e avaliación continua	Indicadores	2024	2025	2026
	- % solicitudes presentadas:			
	participación das entidades/asociacións	65%	70%	75%
	participación dos potenciais comercios da cidade	30%	35%	40%
	- % de beneficiarios que obtiveron a subvención	75%	80%	90%
	- % de beneficiarios que cumpriron coas condicións da subvención	65%	70%	75%
	- N.º de reintegros da subvención	35%	30%	25%
	- N.º de sancións por incumprimento.	25%	20%	10%
Resultados de avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno			

LS 1.2 – Subvencións nominativas				
Áreas de competencia afectadas	Promoción Económica e Emprego			
Sectores ós que se dirixen as axudas	Sectores estratéxicos (marisqueo/pesqueiro; turístico, da construción; eólico...)			
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	- Apoiar sectores estratéxicos da economía local vinculados á extracción de produtos da ría, a súa comercialización e a súa modernización apoiando o cambio xeracional. - Apoio á formación e cualificación profesional axustado ás necesidades dos colectivos con risco de exclusión social e tamén ás persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais - Mellorar o posicionamento da cidade como tracción empresarial e de inversións entre os principais sectores estratéxicos.			
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	- Poñer en valor o sector pesqueiro/marisqueiro da ría de Ferrol - Apoiar iniciativas destinadas a mellorar as oportunidades de formación dos colectivos con maior dificultade para acceder ao mercado laboral. - Colaborar na busca de empresas e inversións na cidade para contribuír a posicionar a Ferrol como un referente económico na comarca.			
Prazo necesario para a súa consecución	Anual			
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamiento	Aplicación orzamentaria: 02104-2412-48000 Período 2024-2026 Subvencións nominativas			
		2024	2025	2026
	Confraría de pescadores e mariscadores de Ferrol	21.000€	21.000€	21.000€
	Cáritas Diocesana Mondoñedo Ferrol	5.000€	5.000€	5.000€
	Teima Down Ferrol	5.000€		
	Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal	50.000€		

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concesión directa a través de subvención nominativa prevista no orzamento municipal anual e recollida no anexo de subvencións. Adxudicación e aprobación pola XGL dun convenio regulador da subvención nominativa con cada entidade no que se concretará o obxecto da subvención.			
Réxime de seguimento e avaliación continua	Indicadores	2024	2025	2026
	Confraría / Cáritas			
	- % beneficiarios directos e indirectos	50%	50%	50%
	- % execución da subvención concedida	65%	70%	80%
	- Núm. reintegros da subvención	35%	30%	20%
	- Núm. de sancións por incumprimento	10%	10%	5%
	Confraría			
	- Visitas didácticas/difusión de colexios ou grupos ao longo do ano:	10 visitas	10 visitas	10 visitas
	- Número de actividades diferentes dirixidas á consecución dos obxectivos	3 activ.	3 activ.	3 activ.
	Cáritas Diocesana Mondoñedo Ferrol			
	- % mantemento das persoas inscritas na formación subvencionada	50%	60%	65%
	- % remate con aproveitamento do curso	20%	25%	30%
	Teima Down Ferrol			
Número de usuarios atendidos 1 prep-laboral 10-12 usuarios				
Número de empresas prospectadas 1 prep-laboral 5-8 empresas				
Resultados de avaliación	Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal			
	- % execución da subvención concedida	70%		
	- Núm. reintegros da subvención	30%		
	- Núm. de empresas contactadas	30 empresas		
	- Núm. de proxectos empresariais para avaliar	5 proxectos		
	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno			

LIÑA ESTRATÉXICA 2	POLÍTICA SOCIAL E INCLUSIÓN
Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos específicos	1. Promover a autonomía e atención das persoas en situación ou risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento e soidade favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual. 2. Promover a integración social de persoas e colectivos máis desfavorecidos e fomentar o debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 2.1. LS 2.2.

LS 2.1– SUBVENCIONES NOMINATIVAS	
Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	• Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial e persoas afectadas por doenza ou enfermidades crónicas a través da mellora e ampliación dos programas específicos dirixidos a este colectivo. • Fomentar a integración social de persoas transeúntes e persoas sen teito de nosa cidade a través dun programa específico de actuación. • Fomentar a integración do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade a través de programas de atención a familias e inclusión sociolaboral. • Promover a integración de persoas con elevada vulnerabilidade no noso municipio por escaseza de recursos económicos a través de axudas económicas para necesidades básicas facilitadas por diversas entidades . • Mellorar a integración de colectivos con doenzas crónicas, enfermidades do espectro autista, saúde mental, drogodependencias, toxicomanías et... • Mellorar a calidade de vida das persoas maiores , moitas delas en soidade ou discriminación social. • Fomentar programas específicos como dirixidos a familias con reforzos educativos, vacacións en Paz, campamentos solidarios etc..
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Os efectos pretendidos son • Diminuír o número de persoas vulnerables, conseguindo que, a través das diversas entidades subvencionadas e xunto con outro tipo de axudas (estatais, autonómicas etc..) poda deixar de estar en risco de exclusión. • No caso das persoas e familias con enfermidades crónicas ou doenzas relativas á saúde mental, o efecto que se pretende e mitigar os estragos que causan estes tipos de enfermidades tanto ao doente como ao seu entorno familiar, incidindo nunha socialización destas familias que atopan, a través de diversas asociacións, unha rede na que asirse. • Os efectos que se perseguen co fomento de programas específicos dirixidos a familias, son, na maioría dos casos, unha diminución do absentismo e o fracaso escolar , a continuidade na formación de alumnos de características especiais . • No caso do colectivo de persoas maiores, os efectos que se pretenden son a socialización deste colectivo que facilita un envellecemento activo e saudable. En resumo, os efectos que se pretenden con estas subvencións, son a mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de exclusión, vulnerabilidade social e económica dos diversos sectores: discapacidade, envellecemento, extrema pobreza, trastornos e diversas patoloxías que pola súa natureza fan que os afectados e as súas familias estean nunha situación adversa e dificilmente superable sen a axuda de distintas entidades sociais.
Prazo necesario para a súa consecución	ANUAL
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024 Previsión: 2024 -25-26 Partidas orzamentarias: 04001-2315.48000, 76.100 € 04001-2317.48000, 244.500 € 04001-2318.48000, 102.200 € 04001-2310.48000, 140.000 €

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación continua	O conxunto das subvencións nominativas que pretende levar a cabo esta Concellería podería clasificarse en función dos seus obxectivos e estes serían os indicadores do seguimento: - Subvencións a entidades que perseguen obxectivos de carácter socio sanitario: • Importe anual estimado: 76.100 euros • Nº estimado de beneficiarios dos programas de prevención e apoio de carácter socio-sanitario: 1.750 - Subvencións a entidades de carácter asistencial: • Importe anual estimado: 244.500 euros • Nº estimado de beneficiarios dos programas de axuda en necesidades primarias para a loita contra a extrema pobreza, exclusión social, programas para persoas sen fogar etc....: 5.410 - Subvencións a entidades que prestan apoio familiar no ámbito educativo, prevención do absentismo escolar etc. • Importe anual estimado: 102.000 euros • Nº estimado de beneficiarios dos programas de reforzo educativo e asistencia a familias con menores con determinados trastornos ou patoloxías : 450 familias - Subvencións a entidades que tamén de carácter social, máis centradas no envellecemento activo e a prevención de vulnerabilidade por razóns de idade, e determinadas doenzas. • Importe anual estimado: 140.000 euros • Nº estimado de beneficiarios dos programas de prevención e apoio de carácter socio-sanitario: 210 - % de beneficiarios por axuda. - % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior. - Número de actuacións ou actividades desenvolvidas polas distintas entidades. - Impacto de xénero.
Resultados de avaliación	No prazo TRES MESES dende o remate da anualidade. Darase conta ao pleno

LS 2.2 PREMIO SOLIDARIO	
Áreas de competencia afectadas	Benestar Social
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de vulnerabilidade e particulares.

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promover a solidariedade e a cooperación internacional.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Fomentar actividades e iniciativas que poñan en valor a solidariedade e a cooperación internacional.
Prazo necesario para a súa consecución	Premio de carácter anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024 Aplicación orzamentaria 04001-2317-48000 10.000 euros anuais. Para 2025 e 2026 previsión en contías similares.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Premio de carácter anual . Base aprobadas polo Pleno.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Nº de solicitudes anuais. En función do nº de aspirantes ao premio farase un seguimento da repercusión deste nas distintas entidades e unha vez concedido o premio farase un seguimento aos 6 meses. Nº de solicitudes estimadas: Para a categoría de solidariedade: 20 e para a categoría de cooperación: 10.
Resultados de avaliación	No prazo TRES MESES dende o remate da anualidade. Darase conta ao pleno

LIÑA ESTRATÉXICA 3	CULTURA, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS
Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir a cultura, en todos os seus ámbitos e dimensións, tanto dende a tradicional como a de vangarda, e en calquera dos seus formatos ou modalidades.
Obxectivos específicos	1.- Apoiar as actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento da comunidade e a interculturalidade. 2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades en calquera modalidade da Cultura. 3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Ferrol. 4.- Apoiar ás persoas e entidades de calquera natureza xurídica en canto a elementos activos na produción de servizos culturais de calquera índole.
Liñas de subvencións que se concreta o plan de actuación	LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a organización de actividades culturais; subvencións directas de carácter excepcional. LS 3.2. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da Cultura, libre concorrência. LS 3.3. Axudas para a labor na produción ou interpretación artística das persoas.

LS 3.1 – Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a organización de actividades culturais; subvencións directas de carácter excepcional.	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro; calquera tipo de entidade no suposto de ser aplicable o artigo 22.2C da Lei 38/2003.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Organizar actividades de promoción da cultura. 2.- Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión. 3.- Conservar as tradicións culturais en calquera disciplina. 4.- Creación de eventos e espazos para a convivencia cultural e lúdica. 5.- Conservación dos festexos tradicionais. 6.- Difusión ou creación cultural de calquera orde ou natureza. 7.- Calquera acción transversal que incida nos obxectivos anteriores.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Conservación das tradicións culturais e desenvolvemento da actividade cultural en calquera dos seus formatos ou modalidades a través do tecido asociativo.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamiento	Previsión 2024: 184.700 € Previsión 2025: 192.088 € Previsión 2026: 199.771,52 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvención nominativa no orzamento municipal e actuacións administrativas que derivan da súa aprobación (convenio). Así mesmo, poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do artigo 22.2c da Lei 38/2003 as cales seranlles de aplicación os contidos que prevea o Plan Estratégico para subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuízo das súas peculiaridades propias. Esta adxudicación directa estará aberta a calquera persoa física ou xurídica, e non unicamente limitada a entidades sen ánimo de lucro, habida conta que a súa natureza é atender ás oportunidades ou situacións imprevistas que nos obxectivos perseguidos se puideran presentar.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Participación de persoas por cada actividade Impacto na comunidade da acción coa análise da súa incidencia en redes ou medios de comunicación Incremento paulatino da demanda das actividades subvencionadas Grao de satisfacción mostrado polos receptores dos servizos subvencionados, tanto a nivel individual coma colectivo.
Indicador	Número de usuarios ou espectadores asistentes a cada actividade obxecto de subvención Importe medio da achega concedida Tempo medio de xustificación
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación.

LS 3.2 – Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da Cultura, libre concorrência.	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA E FESTAS
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Organizar actividades de carácter cultural dende o tecido asociativo. 2.- Fomentar o dito tecido asociativo favorecendo a incorporación das persoas. 3.- Conservar as tradicións culturais, non so en calquera disciplina senón tamén en canto a memoria colectiva. 4.- Favorecer a participación da poboación en xeral na actividade cultural. 5.- Conservación e impulso dos festexos tradicionais. 6.- Difusión das tradicións e impulso da Cultura en calquera das súas modalidades mediante calquera actividade que acade os ditos obxectivos organizada polo tecido asociativo, engadido a entrega de premios.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Fortalecemento do tecido asociativo de carácter cultural e desconcentración da programación cultural permitindo que sexan as propias entidades as que incidan dunha forma directa e plena actuando como programadores.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamiento	Previsión 2024: 130.000 € Previsión 2025: 135.000 € Previsión 2026: 140.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de libre concorrência con aplicación de todas as esixencias que a lexislación sectorial establece para estes procedementos.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Participación de persoas por cada actividade Impacto na comunidade da acción coa análise da súa incidencia en redes ou medios de comunicación Incremento paulatino da demanda das actividades subvencionadas Grao de satisfacción mostrado polos receptores dos servizos subvencionados, tanto a nivel individual coma colectivo.
Indicador	Número de entidades solicitantes Importe medio da achega Número de usuarios ou espectadores ás actividades ou eventos
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación.

LS 3.3 – Axudas para a labor na produción ou interpretación artística das persoas.	
Áreas de competencia afectadas	CULTURA
Sectores ós que se dirixen as axudas	Persoas físicas que desenvolvan actividades artísticas tanto de creación como de interpretación ou estudo.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Fomentar o desenvolvemento de actividades de natureza artística, técnica ou de estudo por parte de persoas físicas, apoiando o dito desenvolvemento e difundindo os seus resultados. 2.- Organizar actividades culturais nas que poidan participar as ditas persoas. 3.- Crear unha estrutura na que as persoas creadoras de contidos culturais poidan desenvolver as súas actividades.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Potenciar o sector cultural a través do apoio ás persoas físicas que o conforman, e paralelamente crear eventos nos que os consumidores culturais poidan acceder aos ditos contidos.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024: 70.000 € Previsión 2025: 72.800 € Previsión 2026: 75.712 € 05101 3341 48000
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Organización de premios e bolsas de apoio en réxime de libre concorrência. Así mesmo, poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do artigo 22.2c da Lei 38/2003 as cales seranlles de aplicación os contidos que prevea o Plan Estratégico para subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuízo das súas peculiaridades propias.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Número de persoas que concorren ás convocatorias. Número de persoas que asisten aos eventos que deriven das convocatorias.
Indicador	Número de entidades ou persoas solicitantes Número de usuarios ou espectadores ás actividades ou eventos
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación.

LIÑA ESTRATÉGICA 4	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE
Obxectivos estratégicos	1.- Fomentar e promover e difundir a educación física e o deporte en todos os niveis.

Obxectivos específicos	1.1 Fomentar e apoiar a creación e o desenvolvemento de asociacións deportivas no ámbito territorial de Ferrol. Este obxectivo implica unha colaboración a todos os niveis das diferentes asociacións deportivas para estender a práctica deportiva en todos os niveis, xa que o Concello de Ferrol por si mesmo non sería capaz de logralo. 1.2.- Impulsar, organizar ou, no seu caso, colaborar na celebración de eventos deportivos na Cidade de Ferrol como medio de desenvolvemento do fomento da práctica deportiva. 1.3- Axudar a deportistas e equipos destacados da cidade para a participación na competición de alto nivel - Este obxectivo intenta paliar na medida do posible o elevado custo que supón a participación en competicións nacionais e internacionais propias do deporte rendemento.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 4.1. Subvencións nominativas: Promoción e fomento das actividades levadas a cabo por clubs e entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas. 1. Os gastos fundamentalmente serán os correspondentes aos ocasionados pola participación en competicións oficiais; gastos correntes que sirvan para financiar en parte a súa estrutura e funcionamento ou os derivados da organización de eventos ou competicións. LS 4.2. Subvencións de concesión directa segundo o establecido no art. 22.2.c da Lei 38/2003: Bolsas para a promoción de deportistas ou para facilitar a súa participación en competicións de carácter nacional e internacional, así como axudas de <i>carácter puntual</i> e excepcional a entidades deportivas para a realización de eventos de interese municipal e que non se puidesen prever no momento de aprobación dos orzamentos. LS 4.3. Subvencións de concorrencia competitiva e non competitiva: a) Concorrencia competitiva: Promoción e fomento das actividades levadas a cabo por clubs e entidades deportivas de base para a promoción e fomento do deporte base (iniciación deportiva, así como a promoción e o fomento da práctica deportiva tanto federada como non federada). Os gastos fundamentalmente serán os correspondentes aos ocasionados pola participación en competicións oficiais; gastos correntes que sirvan para financiar en parte a súa estrutura e funcionamento. b) Concorrencia non competitiva: Subvencións a entidades deportivas mediante a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito local, autonómico ou nacional. Os gastos fundamentalmente serán os derivados da organización de eventos ou competicións.

LS 4.1 SUBVENCIONES NOMINATIVAS	
Áreas de competencia afectadas	Fomento do deporte e actividades deportivas con carácter xeral
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito local, autonómico ou nacional e espectadores/as dos eventos nos que participen.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promoción da actividade física do deporte, promoción da cidade a través dos eventos deportivos de primeiro nivel. O obxectivo é un aumento dun 1,5 % anual no número de deportistas tanto federados como non federados, así como no número de espectadores que asisten aos eventos deportivos.

Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Impacto positivo na imaxe de Ferrol mediante a realización de eventos deportivos de primeiro nivel, así como a participación dos equipos en ligas autonómicas, nacionais e internacionais. Preténdese tamén que a cidadanía se identifique cos/coas deportistas e o deporte que practican asistindo aos eventos deportivos que se desenvolvan na cidade.
Prazo necesario para a súa consecución	As subvencións nominativas poden rexerse por temporada (de setembro a xuño) ou por un período anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	As fontes de financiamento son os Orzamentos Xerais do Concello de Ferrol. • Aplicación orzamentaria 05004 3411 48000. • Orzamento ano 2024 : 780.500 €. • Orzamento ano 2025: 575.000 €. • Orzamento ano 2026: 603.750 € (incremento do 5 % sobre o ano 2025) É intención da Concellería de Deportes durante o período de vixencia do Plan Estratéxico de Subvencións ir eliminando as subvencións de carácter nominativo para convertelas en subvencións de concorrencia competitiva ou non competitiva dependendo do seu obxecto polo que o importe do orzamento diminuíría nos anos 2025 e 2026.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Aprobado o orzamento municipal e o anexo de subvencións nominativas elaborarase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Unha vez executado o programa xustificarse a subvención na forma prevista no antedito convenio.
Réxime de seguimento e avaliación continua	O seguimento e a avaliación continua farase unha vez rematado o período de xustificación da subvención establecido no convenio (por temporada ou anual). Os indicadores establecidos serán os seguintes: • Num. de subvencións concedidas. • Importe medio da achega concedida. • Méritos deportivos acadados polos/as beneficiarios/as. • Estimación de espectadores dos eventos.
Resultados de avaliación	Darase conta ao Pleno no prazo de 3 meses dende que a entidade presente a conta xustificativa da subvención outorgada.

LS 4.2 SUBVENCÍONS DIRECTAS SEGUNDO O ART. 22.2.C DA LEI 38/20023

Áreas de competencia afectadas	Fomento do deporte e actividades deportivas con carácter xeral.
Sectores ós que se dirixen as axudas	• Entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito nacional ou autonómico e espectadores/as dos eventos nos que participen. • Deportistas que participen en competicións oficiais de carácter nacional ou internacional.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	O obxectivo é atraer progresivamente a cidade a realización de competicións ou eventos deportivos de primeiro nivel así como incrementar o número de espectadores que asisten aos ditos eventos deportivos. Así mesmo, preténdese conseguir un incremento anual no número de deportistas que mediante os seus méritos deportivos participen en competicións oficiais de carácter nacional e internacional.

Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Impacto positivo da marca Ferrol mediante a realización de eventos deportivos de primeiro nivel así como a participación dos equipos en ligas autonómicas, nacionais e internacionais Preténdese tamén que a cidadanía se identifique cos/coas deportistas e o deporte que practican asistindo aos eventos deportivos que se desenvolvan na cidade. Facilitar os desprazamentos dos/as deportistas para que poidan participar nas competicións oficiais de carácter nacional ou internacional.
Prazo necesario para a súa consecución	Estas subvencións directas poden rexerse por temporada (de setembro a xuño) ou por un período anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro). Así mesmo, tratándose de subvencións de carácter imprevisto e excepcional para a realización de eventos concretos o prazo sería o do evento a realizar.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	As fontes de financiamento son os Orzamentos Xerais do Concello de Ferrol. Aplicación orzamentaria 05004 3411 48000. - Orzamento ano 2024 : 50.000 €. - Orzamento ano 2025: 55.000 €. - Orzamento ano 2026: 60.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	O mecanismo de outorgamento da subvención será mediante un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria ou polo/a deportista para o abono da axuda prevista. Unha vez executado o evento xustificarase a subvención na forma prevista no antedito convenio.
Réxime de seguimento e avaliación continua	O seguimento e a avaliación continúa farase unha vez rematado o período de xustificación da subvención establecido no convenio. Os indicadores establecidos serán os seguintes: - Núm. de subvencións solicitadas - Núm. subvencións concedidas - Importe medio da achega concedida. - Méritos deportivos acadados polos/as beneficiarios/as. (Para bolsas a deportistas) - Estimación de espectadores dos eventos. (Para eventos deportivos)
Resultados de avaliación	Darase conta ao Pleno no prazo de 3 meses dende que o/a beneficiario/a presente a conta xustificativa da subvención outorgada.

LS 4.3. SUBVENCÍONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA E NON COMPETITIVA	
Áreas de competencia afectadas	Fomento do deporte e actividades deportivas con carácter xeral.
Sectores ós que se dirixen as axudas	a) Concorrenca competitiva: Entidades deportivas de base federadas ou non federadas para a iniciación e ensinanza deportiva. b) Concorrenca non competitiva: Entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito nacional ou autonómico e espectadores/as dos eventos nos que participen.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promoción da actividade física e do deporte como hábitos de vida e formas de ocio saudable. Promoción da actividade física do deporte, promoción da cidade a través dos eventos deportivos que se realicen. O obxectivo é conseguir progresivamente un aumento dun 1,5 % anual no número de deportistas tanto federados como non federados, así como no número de espectadores que asisten aos eventos deportivos.

Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Fomentar e promover a participación activa na actividade física e no deporte aumentando o número de suxeitos que a realizan, así como fomentar a participación activa do tecido asociativo deportivo local.
Prazo necesario para a súa consecución	As subvencións poden rexerse por temporada (de setembro a xuño) ou por un período anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamiento	As fontes de financiamento son os Orzamentos Xerais do Concello de Ferrol. Aplicación orzamentaria 05004 3411 48000. a) Concorrenia competitiva: A entidades deportivas de base federadas ou non federadas para a iniciación e ensinanza deportiva: - Ano 2024: 160.000 € - Ano 2025: 180.000 €. - Ano 2026: 200.000 €. b) Concorrenia non competitiva: Entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito nacional ou autonómico: Ano 2024: 0 € (este ano concédense como subvencións nominativas) Ano 2025: 250.000 € Ano 2026: 275.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Procederase a aprobación das Bases que regularán os dous procedementos: a) Concorrenia competitiva: Bases específicas para a subvención a clubs e entidades deportivas para promoción e fomento do deporte base. b) Concorrenia non competitiva: Bases específicas para a subvención a Entidades deportivas mediante a participación ou a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas de ámbito nacional ou autonómico. Unha vez executado o programa xustificarse a subvención na forma prevista nas anteditas bases.
Réxime de seguimento e avaliación continua	O seguimento e a avaliación continua farase unha vez rematado o período de xustificación da subvención establecido nas Bases reguladoras do procedemento (por temporada ou anual). - Núm. entidades solicitantes - Núm. de concesións. - Importe medio da achega concedida. - Tempo medio de xustificación. - Estimación de espectadores dos eventos. (Para eventos deportivos) - Ámbito de competición dos eventos: local, autonómico, galego, estatal. (Para eventos deportivos)
Resultados de avaliación	Darase conta ao Pleno no prazo de 3 meses dende que a entidade presente a conta xustificativa da subvención outorgada.

LIÑA ESTRATÉXICA 5	EDUCACIÓN
Obxectivos estratéxicos	Potenciar e apoiar a realización e desenvolvemento de actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento e de desenvolvemento persoal baseado en valores como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.
Obxectivos específicos	- Potenciar a figura das ANPAS e dos centros educativos públicos de Ferrol e apoiar a realización doutras actividades que propicien a participación, a mobilidade e o encontro entre o alumnado. - Apoiar ás familias nos custos derivados da educación nos diferentes estudos e niveis educativos e das necesidades educativas especiais desta poboación escolarizada en centros de educación especial. - Fomento de actividades complementarias e de actividades extraescolares, entendendo a educación como un proceso ao longo da vida.

Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 5.1. Axudas ao transporte universitario e á mobilidade de alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) para a mellora das súas competencias en lingua inglesa a adquirir en países anglófonos. LS 5.2. Axudas a entidades educativas e doutra tipoloxía para a realización de accións educativas complementarias ou extraescolares, que teñan como público destinatario alumnado de centros educativos de Ferrol. LS 5.3. Axudas a entidades educativas e persoal investigador: persoas ou grupos.
--	--

LS 5.1 –	
Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Sectores ós que se dirixen as axudas	Estudantes empadroados no Concello de Ferrol matriculados/as na Universidade de A Coruña, nos campus de A Coruña. Estudantes empadroados no Concello de Ferrol matriculados/as en centros de Ensino Secundario Obrigatorio do Concello de Ferrol
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.Apoiar a educación universitaria. 2.Apoiar os gastos que as familias realicen na educación universitaria propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado. 3.Apoiar os gastos que as familias de alumnado de ESO para que poidan enviar aos seus fillos a participar nun programa de inmersión lingüística nun país anglófono propiciando a solidariedade e a integración de todo o alumnado. 4.Promover e apoiar a adquisición e a mellora de competencias en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e uso para que poida ser utilizada con destreza no escenario educativo actual como necesidade de presente e de continuidade nos sucesivos niveis educativos.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Dotar ás familias das condicións básicas para: 1. Os desprazamentos para a educación dos seus fillos e fillas á universidade. 2. O acceso á aprendizaxe e á práctica e uso da lingua inglesa nun escenario internacional anglófono.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024: 9.625 € Previsión 2025: 84.625 € Previsión 2026: 84.625 € Partida orzamentaria: 05003-3263-48000
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das respectivas bases das convocatorias polo Pleno e a súa convocatoria pola XGL. Presentadas as respectivas solicitudes por cada un dos colectivos aos que nos estamos a referir en forma, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación das actuacións subvencionables presentarase segundo o establecido nas respectivas e diferentes bases e adoptarase as formas de contas xustificativas coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- N° de persoas beneficiarias de cada unha das subvencións (en ambos casos). - % de cada tipo de axuda sobre o total (en ambos casos). - % de axudas concedidas por estudos, áreas de coñecemento e niveis (graos ou mestrados) universitarios a cursar (no caso específico do estudantado universitario). - % de persoas beneficiarias das axudas por xénero (en ambos casos) - Incremento do 1% de persoas solicitantes das axudas obxecto de subvención con respecto ao exercicio anterior.
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses desde o remate do prazo de xustificación.

LS 5.2 –	
Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades educativas e doutra tipoloxía para a realización de accións educativas complementarias ou extraescolares, que teñan como público destinatario alumnado de centros educativos de Ferrol.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación formal e non formal e ao longo da vida das persoas. 2. Apoiar os programas e actividades complementarias que promovan o valor do diálogo, o valor da convivencia, o valor da solidariedade, o coñecemento do medio, da nosa lingua e da nosa cultura, do lecer, o amor e o interese polo libro e pola lectura, e a conciliación da vida laboral e familiar. 3.Promover o ensino universitario en persoas adultas unha vez que teñan deixado a vida laboral activa, como oportunidade de realización persoal ao longo de toda a vida.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao alumnado e á cidadanía e aumentar o grao de convivencia entre elas e eles, sensibilizar no coñecemento da nosa historia, no fomento da lectura e no uso da nosa lingua promovendo valores de solidariedade, de respecto entre as persoas e ao medioambiente, de realización persoal, de integración, de participación e de compromiso ético e social.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024: 84.910 € Previsión 2025: 84.910 € Previsión 2026: 84.910 € Partida orzamentaria:05003-3263-48000
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista. Así mesmo, poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2.c da Lei 38/2003, ás cales seranlles de aplicación os contidos que prevea o Plan Estratéxico para as subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuízo das súas peculiaridades propias.
Réxime de seguimento e avaliación continua	-Entidades e/ou persoas beneficiarias da subvención con datos cuantitativos e cualitativos. - % de cada tipo de axuda sobre o total. - % de beneficiarios indirectos por cada tipo de axuda - Incremento do 1% de persoas usuarias da actividade obxecto de subvención con respecto ao exercicio anterior.
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses desde o remate do prazo de xustificación.
LS 5.3 –	
Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades educativas e persoal investigador: persoas ou grupos
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación universitaria e a investigación 2. Promover programas e accións que poñan en valor a investigación e a súa difusión e achega á poboación. 3. Apoiar e impulsar os labores de investigación realizados nalgún dos cinco ámbitos universitarios cos que se estrutura o sistema universitario e sobre os que han de xirar os premios que se convocan. 4. Impulsar e potenciar a investigación desde unha perspectiva de interese xeral, científico, social e de desenvolvemento das sociedades.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao persoal investigador na súa traxectoria como base e como acción necesaria para construír sociedades desenvolvidas.
Prazo necesario para a súa consecución	Convocatoria anual xenérica, con incidencia por áreas en anos alternos.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financia-mento	Previsión 2024: 20.000 € Previsión 2025: 30.000 € Previsión 2026: 20.000 € Partida orzamentaria:05003-3263-48000
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións por concorrencia competitiva. Convocatoria anual pública aberta, de nivel planetario, con criterios de valoración establecidos e publicados, de ampla tirada informativa e de difusión. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarse segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- No prazo de tres meses desde o remate do prazo de xustificación. Presentación dun nº mínimo de 8 traballos para cada un dos cinco premios
Resultados de avaliación	Ao longo de cada ano natural segundo se corresponda a edición de cada un dos cinco premios.

LIÑA ESTRATÉXICA 6	PARTICIPACIÓN CIDADÁ
Obxectivos estratéxicos	Contribuír á mellora das condicións de vida, desenvolvemento persoal e comunitario e á convivencia da cidadanía no ámbito dos barrios e parroquias apoiando ó tecido asociativo veciñal da cidade.
Obxectivos específicos	Obxectivo 1: Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local no ámbito das súas competencias. Obxectivo 2: Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 6.1. Subvencións a entidades veciñais para actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias e gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

LS 6.1 – Subvencións a entidades veciñais para actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias e gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.	
Áreas de competencia afectadas	Participación Cidadá
Sectores ós que se dirixen as axudas	Asociacións veciñais, federacións e agrupacións destas con ámbito de actuación no Concello de Ferrol
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Obxectivo 1: Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local no ámbito das súas competencias. Obxectivo 2: Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	- Cofinanciar actividades e programas de interese xeral para a colectividade que as entidades veciñais desenvolven ó longo do ano no seu respectivo ámbito territorial como mecanismo para complementar a actividade municipal e achegar o maior número de propostas de lecer e dinamización veciñal ós barrios e parroquias do termino municipal de Ferrol. - Contribuír ó sostemento dos gastos ordinarios de funcionamento das entidades veciñais para garantir a súa continuidade e o seu funcionamento en defensa dos intereses xerais da veciñanza.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financia-mento	Recursos propios Concello de Ferrol Orzamento 2024. Previsión: 2025-2026 Partidas orzamentarias: 01103-9241-48000: 115.000,00 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	O réxime de concesión é a concorrencia competitiva e desenvolverase nas seguintes etapas: - O Pleno do Concello aproba as bases reguladoras específicas que rexerán a convocatoria. - Publicación das bases reguladoras específicas no Boletín Oficial da Provincia. - A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria. - Logo de examinar as solicitudes o Alcalde ou concelleiro/a no que delegue adoptará a resolución de concesión consonte ó establecido nas bases reguladoras. - A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases reguladoras e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.

Réxime de seguimento e avaliación continua	Os indicadores e metas para o seguimento e avaliación a empregar serán os seguintes: - Obxectivo 1: Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local no ámbito das súas competencias. • Número de subvencións concedidas: > 50 % do número total de entidades que figuran inscritas no Rexistro Municipal de Entidades dentro do sector veciñanza. • Número de actividades e programas de interese xeral subvencionadas: > 30 • Número de beneficiarios/as das actividades e programas subvencionadas: > 2.000 • Porcentaxe de execución orzamentaria do crédito asignado: > 90% • Número de expedientes de reintegro total ou parcial tramitados: < 4 Obxectivo 2: Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento. • Número de subvencións concedidas: > 50 % do número total de entidades que figuran inscritas no Rexistro Municipal de Entidades dentro do sector veciñanza. • Porcentaxe de execución orzamentaria do crédito asignado: > 90 % • Número de expedientes de reintegro total ou parcial tramitados: < 4
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ó Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 7	MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO NATURAL
Obxectivos estratéxicos	A recuperación do patrimonio material e inmaterial do concello e a conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a actividade turística sostible e de calidade.
Obxectivos específicos	1.- Apoiar a actividade das asociacións veciñais 2.- Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial do concello, a súa historia, idioma, música e tradicións. 3.- Desenvolver actuacións que permitan a recuperación do patrimonio histórico-artístico e natural do concello, cuxos efectos a perseguir sexan a conservación, reparación ou mantemento do seu patrimonio.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 7.1. Convenio para o “Proxecto Esmelle”. LS 7.2. Subvención Museo de Historia Natural. LS 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación dos Montes do Chá”.

LS 7.1 – Convenio para o “Proxecto Esmelle”.	
Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS

Sectores ós que se dirixen as axudas	A.VV. Esmelle. Asociación que promove a recuperación do patrimonio material e inmaterial do Val de Esmelle.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Mantemento e conservación do patrimonio material e inmaterial do Val de Esmelle. 2. Realización de estudos, inventario e publicacións do patrimonio inmaterial de Esmelle. 3. Fomento da convivencia e participación dos veciños. 4. Promover o turismo no Val de Esmelle. 5. Posta en valor do patrimonio etnográfico, histórico e inmaterial.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	1. Supervivencia e difusión das peculiaridades do patrimonio do Val de Esmelle. 2. Fomentar o turismo rural como fonte de creación do emprego en Esmelle.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024 03109 1522 48000, 6.000,00 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Una vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- Porcentaxe da subvención executada: importe da subvención concedida e xustificada: >70% - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: > 200 - Número de actuacións a desenvolver: >5
Resultados de avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno

LS 7.2 – Subvención Museo de Historia Natural.	
Áreas de competencia afectadas	Medio Ambiente
Sectores ós que se dirixen as axudas	Sociedade Galega de Historia Natural. Asociación que se adica á divulgación e defensa do patrimonio natural galego.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Conservación do patrimonio natural e biodiversidade 2. Difusión dos valores naturais e culturais. 3. Mellora do coñecemento sobre o patrimonio natural.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Conservación e difusión do patrimonio natural galego a través do Museo de Historia Natural de Ferrol.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024. Previsión 2024-2026 Partida orzamentaria: 03106-3331-48000. Importe 40.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención concedida.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- Porcentaxe da subvención executada: importe da subvención concedida e xustificada >90% - N.º actividades ofertadas ao público e centros educativos: > 5 - N.º horas anuais de apertura ao público do museo: > 1500 - N.º visitantes anuais: > 5.000
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LS 7.3 – Colaboración para o “Proxecto Recuperación dos Montes do Chá”.	
Áreas de competencia afectadas	Medio Ambiente
Sectores ós que se dirixen as axudas	Asociación Comuneiros do Chá. Asociación que promove a recuperación duns bens patrimoniais e recursos medioambientais para desfrute de todos os cidadáns.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Recuperación dos Montes do Chá: 1. Recuperación do patrimonio material, inmaterial e medioambiental das súas zonas, e a súa posta en valor. 2. Actuacións para a posta en valor do patrimonio arqueolóxico. 3. Actuacións para a posta en valor do patrimonio paisaxístico-natural. 4. Accións encamiñadas á recuperación do valor agrícola-forestal. 5. Accións encamiñadas á valorización da Comunidade Social.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Recuperación dos Montes do Chá, para desfrute de todos os cidadáns.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024. Previsión 2024-2026. Partida orzamentaria: 03106-1701-48000. Importe 4.000€ Partida orzamentaria: 03106-1701-78000 Importe 2.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes, elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.

Réxime de seguimento e avaliación continua	- Porcentaxe da subvención executada: importe da subvención concedida e xustificada >90% - Melloras realizadas no monte con respecto ano anterior: Número mínimo de intervencións no monte: 3
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 8	IGUALDADE, MENORES, FAMILIA E MULTICULTURALIDADE
Obxectivos estratéxicos	Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención e loita contra a violencia de xénero
Obxectivos específicos	1. Atención a mulleres en situación de vulnerabilidade. 2. Apoiar ás iniciativas do movemento asociativo da cidade e entidades que promovan a igualdade de xénero. 3. Promover medidas que contribúan á conciliación da vida laboral, familiar e persoal. 4. Impulsar a participación das mulleres e as súas actividades en todos os ámbitos e espazos da cidade. 5. Fomentar a integración laboral dirixida a mulleres en situación de vulnerabilidade. 6. Promoción de accións de prevención das violencias de xénero 7. Promover accións informativas para a poboación en xeral sobre igualdade e riscos no uso das redes sociais.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 8.1. Nominativas LS 8.2. Libre concorrancia

LS 8.1 – Nominativas	
Áreas de competencia afectadas	IGUALDADE
Sectores ós que se dirixen as axudas	Asociacións, entidades e organizacións que buscan o fomento da igualdade e a protección de vítimas de violencia de xénero, que dispoñan de persoal con formación xurídica en materia de igualdade e delitos no uso de redes sociais e que desenvolvan funcións no ámbito do Concello de Ferrol.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Promover, apoiar e impulsar a igualdade de xénero, para paliar as situacións de desigualdade ou discriminatorias que sofren as persoas por razón de sexo. 2. Previr a violencia de xénero, en calquera manifestación de desigualdade e discriminación, e o apoio as súas vítimas, que dan lugar a situacións de especial vulnerabilidade e, en moitos casos, de exclusión social. 3. Dar información nos centros educativos e noutras entidades sociais sobre igualdade, prevención de condutas propias da violencia de xénero así como de delitos no uso das redes sociais.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Eliminación das desigualdades e ofrecer as mesmas oportunidades a todos os cidadáns favorecendo así a inclusión social. Formación dos rapaces e rapazas e da poboación en xeral, en materia de igualdade para a prevención de condutas machistas, así como dos riscos que pode ter o uso das redes sociais.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual.

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024: Partidas orzamentarias: 04203-2311-48000 Total 51.500,00 € As mesmas contías para os anos 2025 e 2026
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Nº estimado de beneficiarias/os por programa: 100 Nº estimado de actuacións levadas a cabo: 10
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno.

LS 8.2 – LIBRE CONCORRENCIA

Áreas de competencia afectadas	IGUALDADE
Sectores ós que se dirixen as axudas	Asociacións e entidades que procuran o fomento da igualdade e desenvolvan as súas funcións no ámbito do Concello de Ferrol.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promover, apoiar e impulsar a igualdade de xénero, para paliar as situacións de desigualdade ou discriminatorias que sofren as persoas por razón de sexo
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Eliminación das desigualdades e ofrecer as mesmas oportunidades a todos os cidadáns favorecendo así a inclusión social
Prazo necesario para a súa consecución	Anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024: Partidas orzamentarias: 04203-2311-48000 Total 15.500,00 € As mesmas contías para os anos 2025 e 2026
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	O plan de acción para a consecución dos obxectivos específicos desta liña comprende a concesión en réxime de concorrencia competitiva ou convocatoria anual de subvencións. A concesión rexeráse pola correspondente convocatoria, conforme ás bases aprobadas polo órgano competente, que incorporarán criterios de valoración relativos á igualdade e a integración da perspectiva de xénero na actividade, proxecto ou finalidade subvencionada.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Nº estimado de beneficiarios/as por axuda: 30
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 9	SEGURIDADE E TRÁFICO
Obxectivos estratéxicos	Subvención nominativa cos seguintes obxectivos estratéxicos: ◦ Fomento da acción voluntaria no ámbito da protección civil no termo municipal. ◦ Posibilitar a colaboración da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol (AVPCF), entidade con número de rexistro na Xunta de Galicia 57 e CIF P1500030J, co Concello de Ferrol en relación a os seu ámbito normativo de actuación e en aplicación do Convenio de Colaboración aprobado polo Pleno con data de 30 de maio de 2022.
Obxectivos específicos	En base o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ferrol e a AVPCF establécense os seguintes obxectivos específicos: ◦ Campañas de captación e fomento do voluntariado en materia de Protección Civil. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil no ámbito das actividades recreativas e espectáculos públicos. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en actividades no ámbito da asistencia social. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos de protección civil nos dispositivos de protección establecidos para calquera tipo de evento. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de emerxencia declarada. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de alerta ou pre-emerxencia. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos sanitarios a instancia dos mesmo e baixo a aprobación do departamento de seguridade. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil nas actividades requiridas nos ámbitos do apoio loxístico e asistencia sanitaria. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil na busca de persoas desaparecidas.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 9.1. Subvención á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol.

LS 9.1. Subvención á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol.	
Áreas de competencia afectadas	SEGURIDADE E TRÁFICO
Sectores ós que se dirixen as axudas	◦ Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol (AVPCF). Entidades de interese público con CIF P1500030J e nº de rexistro 57 na Xunta de Galicia (rexistro de agrupacións de voluntarios de protección civil).

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Os obxectivos e metas de seguimento serán os seguintes: ◦ Mantemento e, no seu caso, incremento do número de voluntarios adscritos á agrupación a través de campañas de captación e fomento do voluntariado. ◦ Colaboración, cos grupos operativos municipais, en preventivos de seguridade no ámbito das actividades recreativas e espectáculos públicos, e dotación do número de voluntarios necesarios en cada uno de ditos eventos. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en actividades no ámbito da asistencia social. ◦ Dotación dun número mínimo de voluntarios nas tarefas de colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos de protección civil nos dispositivos de protección establecidos para calquera tipo de evento. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de emerxencia declarada. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de alerta ou pre-emerxencia. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos sanitarios a instancia dos mesmo e baixo a aprobación do departamento de seguridade. ◦ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil na busca de persoas desaparecidas.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Viabilidade da AVPCF. ◦ Propiciar o fomento da colaboración no ámbito da protección civil. ◦ Propiciar que a AVPCF poida realizar as funcións recollidas na normativa en vigor e no Convenio de Colaboración. ◦ Propiciar o desenvolvemento da AVPCF.
Prazo necesario para a súa consecución	◦ Anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiación	Orzamento 2024. Previsión: 2024-2026. Importe: 77.325,00 euros en cada anualidade. Partidas orzamentarias: 03211 1350 48000.- 58.000 € 03211 1350 78000.- 19.325 € Faise unha estimación inicial do importe da subvención, distribuída en gasto corrente e bens inventariables. As cantidades das dúas aplicacións poden variar ó longo dos tres exercicios en función das necesidades existentes en cada un deles.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvención nominativa. Aprobado o orzamento e as subvencións nominativas correspondente elabórase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Unha vez executado o programa xustificarase a subvención na forma prevista. O prazo de revisión será anual.

Réxime de seguimento e avaliación continua	Os obxectivos e metas de seguimento serán os seguintes: ○ Número de voluntarios adscritos á agrupación > 50. ○ Número mínimo anual de campañas de captación de voluntarios > 2. ○ Número mínimo de colaboracións, cos grupos operativos municipais, en preventivos de seguridade no ámbito das actividades recreativas e espectáculos públicos > 20. Número mínimo de voluntarios en ditas tarefas específicas de colaboración = 80% dos requiridos na planificación. ○ Tarefas de colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en actividades no ámbito da asistencia social. Número mínimo anual > 20. ○ Número mínimo de voluntarios nas tarefas de colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos de protección civil nos dispositivos de protección establecidos para calquera tipo de evento. Total = 80% dos requiridos na planificación. ○ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de emerxencia declarada. Número mínimo de voluntarios. Total = 70% dos requiridos na planificación. ○ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil en situacións de alerta ou pre-emerxencia. Número mínimo de voluntarios. Total = 70% dos requiridos na planificación ○ Colaboración, nos termos establecidos na normativa, cos servizos públicos sanitarios a instancia dos mesmo e baixo a aprobación do departamento de seguridade. Número mínimo de asistenciais anuais > 40. ○ Colaboración, nos termos establecidos na normativa e na planificación correspondente, cos servizos públicos de protección civil na busca de persoas desaparecidas. Número mínimo de voluntarios. Total = 70% dos requiridos na planificación
Resultados da avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ó Pleno.

LIÑA ESTRATÉXICA 10	TURISMO
Obxectivos estratéxicos	Desenvolvemento turístico
Obxectivos específicos	1.- Apoiar eventos que desenvolvan e impulsen o turismo no municipio. 2.- Conservar as tradicións culturais con impacto no sector turístico.
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 10.1. Promoción e impulso da Semana Santa Ferrolana

LS 10.1 –	
Áreas de competencia afectadas	Turismo
Sectores ós que se dirixen as axudas	Entidades sen animo de lucro

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Impulsar as visitas turísticas ao municipio aproveitando as celebracións tradicionais. 2.- Garantir a pervivencia e fortalecemento das celebracións tradicionais en como causa para fortalecer a oferta turística do municipio.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Consolidar a demanda de todos os servizos turísticos deste municipio durante a celebración da Semana Santa e fortalecer a tendencia ó seu incremento. Incrementar o número de impactos en prensa, redes, televisión e en xeral nos medios de difusión que deriven la celebración da Semana Santa de Ferrol.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Exercicio 2024: 47.000 € Exercicio 2025: 49.000 € Exercicio 2026: 51.000 € 05205 4301 48000
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvención nominativa no orzamento municipal e actuacións administrativas que derivan da súa aprobación (convenio). Así mesmo, poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do artigo 22.2c da Lei 38/2003 as cales seranlles de aplicación os contidos que prevea o Plan Estratégico para subvencións correspondentes á presente liña, sen prexuízo das súas peculiaridades propias
Réxime de seguimento e avaliación continua	Ocupación hoteleira do municipio, en xeral dos servizos de aloxamento e resto de servizos turísticos. Impactos en todos os medios de difusión mediante as noticias ou referencias que sexan publicadas
Indicador	Existencia dun incremento na ocupación hoteleira do municipio, respecto ao ano anterior. Reflexo nos medios de comunicación de noticias ou artigos referentes á Semana Santa Ferrolana, especialmente a cobertura por medios de comunicación que non atenderan este evento no exercicio anterior.
Resultados de avaliación	No prazo de seis meses dende o remate do prazo de xustificación.

LIÑA ESTRATÉXICA 11	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Obxectivos estratéxicos	Promoción do uso da lingua galega
Obxectivos específicos	1.- Promoción do uso da lingua galega entre a mocidade. 2.- Promoción da participación da mocidade en actividades culturais e musicais en lingua galega
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 11.1. Subvención promoción da lingua: A Mocidade coa Lingua. L.S.11.2. Certame Literario Carmela Loureiro

LS 11.1 – Subvención promoción da lingua: A Mocidade coa Lingua.	
Áreas de competencia afectadas	Normalización Lingüística

Sectores ós que se dirixen as axudas	Coordinadora de equipas de normalización lingüística de Ferrolterra. Asociación que promove a normalización da lingua galega entre o sector do ensino do concello de Ferrol e comarca Sector da mocidade 14- 20 anos,
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Darlle cumprimento aos obxectivos e medidas recollidas no Plan municipal de normalización lingüística aprobado en Pleno. Fomento do emprego da lingua galega entre a mocidade e creación de espazos de lecer que se desenvolvan en lingua galega 2. O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e no asociacionismo de carácter cultural 3. Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento do emprego cotián da lingua galega entre a mocidade a todos os niveis en xeral e nos espazos de lecer particularmente
Prazo necesario para a súa consecución	Anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Orzamento 2024. Previsión: 2025-2026. Partida orzamentaria: 01103-9205-48000, 7.200,00 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio que deberá aprobar a Xunta de Goberno Local para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- Porcentaxe de execución orzamentaria do crédito asignado: > 90% - Cifra de participantes na actividade: > 500 - Porcentaxe de participación dos centros de ensino destinatarios no termo municipal: > 50 %
Resultados de avaliación	No prazo de dous meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno

LS 11.2 – Certame Literario Carmela Loureiro.

Áreas de competencia afectadas	Normalización Lingüística
Sectores ós que se dirixen as axudas	Alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que formen parte da CENL.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Darlle cumprimento aos obxectivos e medidas recollidas no Plan municipal de normalización lingüística aprobado polo Pleno do Concello. 2.- Fomento do emprego da lingua galega entre a mocidade e da súa capacidade de escrita en lingua galega 3.- O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e literarias.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento do emprego cotián da lingua galega entre a mocidade a todos os niveis en xeral.

Prazo necesario para a súa consecución	Concurso de carácter anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financia-mento	Orzamento 2024. Previsión: 2025-2026. Partida orzamentaria: 01103-9205-48000, 4.000,00 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Premios de carácter anual. Bases reguladoras do concurso aprobadas pola Pleno. A convocatoria anual do concurso será aprobada pola Xunta de Goberno Local. Presentados os traballos polos alumnado participantes, un xurado designado conforme ó disposto nas bases reguladoras ditaminará sobre o concurso, que formulará a proposta de resolución de concesión dos premios ó/á concelleiro/a delegado/a de Normalización Lingüística.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- Cifra de poboación do alumnado destinatario: 8.000 - Incremento de porcentaxe de traballos presentados respecto do ano anterior: 10% - Porcentaxe de participación dos centros de ensino: 50% - Incremento de premios ou accésits concedidos como indicadores da calidade do contido: 10 %
Resultados de avaliación	No prazo de tres meses dende o remate do concurso. Darase conta ó Pleno.

ANEXO II DATOS AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉXICO 2021-2023

I.- MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO PES 2021-2023 DURANTE A SÚA VIXENCIA

ANO 2021

LIÑA ESTRATÉXICA AFECTADA	DATA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL	OBXECTO DA MODIFICACIÓN
Liña 2: Acción Social	02/08/2021	Engádese unha nova liña: L.S. 2.6. PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL
Liña 3: Cultura, lecer e actividades festivas L.S.3.1 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a organización de actividades culturais. L.S.3.2.Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da cultura. L.S.3.3. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do concello de Ferrol para organización de festexos populares	02/08/2021	Incorporación da posibilidade de outorgamento de subvención de forma directa, nos termos do art. 22.2 c da Lei 38/2003.
Liña 4: Promoción do Deporte L.S. 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Ferrol para a participación en competicións, actividades deportivas ou realización de eventos deportivos L.S.4.2 Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Ferrol	02/08/2021	Incorporación da posibilidade de outorgamento de subvención de forma directa, nos termos do art. 22.2 c da Lei 38/2003.
Liña 5: Educación L.S. 5.2 Axudas a entidades educativas e doutra tipoloxía para a realización de accións educativas L.S. 5.3 Axudas a entidades educativas e persoal investigador: persoas ou grupos	02/08/2021	Incorporación da posibilidade de outorgamento de subvención de forma directa, nos termos do art. 22.2 c da Lei 38/2003.
Liña 6: Participación Cidadá L.S. 6.1 Subvencións a entidades veciñais do concello de Ferrol	26/07/2021	Modificación custos previsibles e fontes de financiamento. Orzamento 2021. Partida Orzamentaria 02103-9241-48000: 80.000,00 € 02103-9241-78000: 20.000,00 €
Liña 8: Igualdade	09/08/2021	Engádese unha nova liña: L.S.8.3. SUBVENCIONES DIRECTAS
	20/09/2021	Engádese unha nova liña: L.S.8.4 CONCURSO "CURTA COA VIOLENCIA"

Liña 9: Seguridade e Tráfico	04/10/2021	Engádese unha nova liña: L.S.9.2 Subvencións directas Subvención á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LOS LLANOS DE ARIDANE
Liña 11: Normalización Lingüística	15/11/2021	Engádese unha nova liña: L.S.11.2 CERTAME LITERARIO CARMELA LOUREIRO

ANO 2022

LIÑA ESTRATÉXICA AFECTADA	DATA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL	OBXECTO DA MODIFICACIÓN
Liña 1: Promoción Económica e Emprego L.S.1.2. Subvencións nominativas	28/02/2022	Incluir para as anualidades 2022 e 2023 a previsión de subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol por un importe anual de 5.000 €
Liña 3: Cultura, lecer e actividades festivas L.S. 3.4. Axudas á Labor na produción ou interpretación artística das persoas	17/01/2022 27/10/2022	Engádese unha nova liña: L.S.3.4 AXUDAS A LABOR NA PRODUCCIÓN OU INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DAS PERSOAS. Incorporación da posibilidade de outorgamento de subvención de forma directa, nos termos do art. 22.2 c da Lei 38/2003.

ANO 2023

LIÑA ESTRATÉXICA AFECTADA	DATA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL	OBXECTO DA MODIFICACIÓN
Liña 7: Medio Ambiente e Patrimonio Natural L.S 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”	13/02/2023	Modificación custos previsibles e fontes de financiamento. Orzamento 2023. Partida Orzamentaria 03109-1701-48000: 4.000,00 € 03109-1701-78000: 2.000,00 €

II.- MEMORIAS DE AVALIACIÓN EFECTUADAS E QUE SE DERON CONTA Ó PLENO DO CONCELLO DURANTE A VIXENCIA DO PES 2021-2023

Liña Estratéxica	2021	2022	2023
1: Promoción Económica e Emprego	SÍ Pleno 27/07/2023	SÍ Pleno 27/07/2023	NON
2: Acción Social	SÍ Pleno 29/09/2022	SÍ Pleno 28/09/2023	NON

3: Cultura Lecer e actividades festivas	NON	NON	NON
4: Promoción do Deporte	NON	NON	NON
5: Educación	NON	NON	NON
6: Participación Cidadá	SÍ Pleno 25/08/2022	SÍ Pleno 28/09/2023	NON
7: Medio Ambiente e Patrimonio Natural	SÍ Pleno 29/09/2022 (LS 7.1) Pleno 27/10/2022 (LS 7.2 e LS 7.3)	SÍ Pleno 26/01/2023 (LS 7.1) Pleno 28/09/2023 (LS 7.2 e LS 7.3)	SÍ: LS 7.1 NON: LS 7.2 e LS 7.3 Pleno 28/12/2023 (LS 7.1)
8: Igualdade	SÍ: LS 8.1 e LS 8.3 Pleno 29/09/2022 NON: LS 8.2 e LS 8.4	SÍ: LS 8.1 e LS 8.4 Pleno 28/09/2023 NON: LS 8.2 e LS 8.3	NON
9: Seguridade e Tráfico	SÍ Pleno 29/12/2022	SÍ Pleno 27/07/2023	NON
10: Turismo	NON	NON	NON
11: Normalización Lingüística	NON	SÍ Pleno 28/09/2023	NON

III.- CONCLUSIÓNS DAS MEMORIAS ELABORADAS

LIÑA ESTRATÉXICA 1 : PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	
CONCLUSIÓNS:	
ANO 2021	<u>En relación á LS 1.1: Axudas para a recuperación económica de autónomos e pemes e sectores estratéxicos no período 2021:</u> Tendo en conta o obxecto e a finalidade da <i>Subvención PAME 3</i> e logo de ver os indicadores de seguimento tanto na súa fase de solicitude/concesión coma na de xustificación pódese concluír que: 1º.- Houbo un grao moi elevado de cumprimento dos obxectivos da axuda: – Un 95 % das solicitudes presentadas foron beneficiarias das axudas – Un 97% das empresas/autónomos beneficiarios mantiveron as condicións para a conservación da axuda. 2º.- As liñas de axuda dirixidas tanto ao aboamento das cotas de S. Social como ás axudas aos alugueiros de locais/préstamos hipotecarios: – Deron resposta ás necesidades reais das empresas/autónomos que contribuíron a aliviar as cargas económicas destes sectores. 3º.- En canto ao impacto de xénero, este tipo de axudas presentan un impacto neutro, xa que non implican ningunha medida específica destinada á igualdade efectiva de homes e mulleres. 4º.- En canto ao impacto social, estas axudas destináronse a contribuír á protección do emprego local daqueles sectores máis castigados pola pandemia sanitaria. 5º.- Dado que o importe consignado nesta convocatoria non foi gastado na súa totalidade e, dado que, aínda se manteñen as consecuencias económicas derivadas da pandemia, propúxose sacar unha nova liña de axudas co remanente da mesma. <u>En relación á LS 1.2: subvencións nominativas período 2021:</u> A finalidade deste convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a entidade Cáritas Diocesana Mondoñedo Ferrol era dotar de formación para o emprego e experiencia laboral a aquelas persoas en risco de exclusión social e con maior dificultade para acceder ao mercado de traballo. Á vista do exposto, pódese concluír que: 1º.- Houbo un grao moi elevado de cumprimento dos obxectivos do convenio.

	2º.- En canto ao impacto de xénero, neste curso houbo unha participación feminina do 6%, o que confirma a baixa demanda por parte de mulleres neste tipo de formación asociada á construción. Non obstante, a súa participación contribúe á incrementar a presenza feminina naquelas ocupacións tradicionalmente masculinas. 4º.- En canto ao impacto social: o destino destas axudas vai especificamente dirixido aos colectivos máis desfavorecidos e en risco de exclusión social. 5º.- A continuidade deste tipo de axudas destinadas a colaborar no desenvolvemento de formación para o emprego non só ben avalada polos resultados obtidos senón tamén pola eficacia na utilización dos recursos público-privados. A achega económica do Concello de Ferrol nesta iniciativa acada o 15,52% da totalidade do custo do curso.
ANO 2022	<u>LS 1.1: Axudas para a recuperación económica de autónomos e pemes e sectores estratéxicos no período 2022.</u> – Liñas de subvención para a Dinamización económica e promoción cultural emprendedora (150.000€ por anualidade). – Liña de recuperación do sector empresarial, posicionamento dos sectores estratéxicos e mantemento do emprego (800.000€ por anualidade). 1.- Liñas de subvención para a Dinamización económica e promoción cultural emprendedora: Comparativa anualidade 2021: Non é posible a súa comparativa xa que na anualidade 2021 non se sacou ningunha liña de subvencións desta natureza como consecuencia da Covid_19. 2.- Liña de recuperación do sector empresarial, posicionamento dos sectores estratéxicos e mantemento do emprego: A Axuda 3_PAME 3 veu a completar as liñas de axuda dirixidas a impulsar a actividade económica e o apoio ás empresas daqueles sectores máis castigados pola Covid_19. Tendo en conta o obxecto e a finalidade da Axuda 3 PAME 3 e logo de ver os indicadores de seguimento tanto na súa fase de solicitude/concesión coma na de xustificación pódese concluír que: 1º.- Houbo un grao moi elevado de cumprimento dos obxectivos da axuda: – Un 87,50 % das solicitudes presentadas foron beneficiarias das axudas. – Un 96,39% das empresas/autónomos beneficiarios mantiveron as condicións para a conservación da axuda. 2º.- O número de solicitudes foron significativamente superiores na Axuda 1 e 2 xa que os conceptos subvencionables estaban directamente relacionados cos gastos derivados do mantemento dos seus negocios, en cambio a Axuda 3 ía destinada a gastos correntes derivados da pandemia, que non todas as empresas/negocios dispoñían dun volume de gasto significativo ou dos documentos xustificativos axeitados. Non obstante, aínda así, a resposta das empresas foi moi significativa. 3º.- En canto ao impacto de xénero, este tipo de axudas presentan un impacto neutro, xa que non implican ningunha medida específica destinada á igualdade efectiva de homes e mulleres. 4º.- En canto ao impacto social, estas axudas destináronse a contribuír á protección das empresa e do emprego local daqueles sectores máis castigados pola pandemia sanitaria. 5º.- Tendo en conta a orixe e a finalidade destas axudas, tralo remate da pandemia non ten sentido a súa continuidade, xa que o seu deseño e consignación veu a responder a unha circunstancia excepcional e puntual na economía local. <u>LS 1.2: subvencións nominativas período 2022:</u> 1º.- Houbo un grao moi elevado de cumprimento dos obxectivos dos convenios tendo en conta os colectivos aos que van destinados. 2º.- En canto ao impacto social: – No referido a Cáritas Diocesana: o destino destas axudas vai especificamente destinado aos colectivos máis desfavorecidos e en risco de exclusión social (perceptores de RISGA, inmigrantes, persoas con moi pouca cualificación, ...) que normalmente se atopan fóra do sistema de educación formal e que, gracias a este tipo de institucións, dispoñen dos recursos e posibilidades de mellorar a súa situación socioeconómica e persoal. – No referido á Confraría: é unha institución que está a traballar no desenvolvemento de actuacións de mellora e modernización da pesca e marisqueo da ría de Ferrol e a súa apertura á sociedade e de forma moi destacable no seu interese por dalo a coñecer entre as persoas máis novas: é salientable a repercusión nos centros escolares de primaria ao dirixir parte das súas actuacións aos nenos/as de idades comprendidas entre 6-12 anos.

	3º.- En canto ao impacto de xénero, sí é importante o apoio na formación dos colectivos máis desfavorecidos e de forma especial tamén ás mulleres, xa que, dentro destes colectivos, seguen a ser as que teñen menos oportunidades para a formación e o acceso ao mercado de traballo. 4º.- A importancia na continuidade con este tipo de axudas: – En relación a Cáritas Diocesana ven avalada polos resultados obtidos na formación e inserción no mundo laboral destes colectivos. O apoio a institucións con grande experiencia é fundamental para ampliar a oferta e as oportunidades das persoas traballadoras máis desfavorecidas. – En relación á Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol: é importante continuar no apoio da súa labor de promoción de actividades dirixidas á venda directa e fidelización de clientes así como a difusión da protección medioambiental da ría entre os escolares.
--	--

LIÑA ESTRATÉXICA 2 : ACCIÓN SOCIAL	
CONCLUSIÓNES:	
ANO 2021	<u>LS.2.1 Axudas de emerxencia social</u> Conclusións ou valoración global: Valórase positivamente. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Incrementar o importe das axudas nos casos que sexa posible, sempre dentro das posibilidades orzamentarias.
	<u>LS.2.2. Subvencións nominativas</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Limitar o nº de subvencións nominativas e levar a cabo liñas de subvencións de concorrencia competitiva.
	<u>LS.2.3. Agasallos de Nadal</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Ningunha en particular.
	<u>LS.2.4. Axudas á escolarización</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Ningún en particular.
	<u>LS.2.5. Axudas e Becas de comedores escolares</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Ningún en particular.
	<u>LS.2.6. Premio Solidario Cidade de Ferrol</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Carácter bianual.

ANO 2022

LS.2.1 Axudas de emerxencia social

Conclusións ou valoración global:

Valórase positivamente.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Incrementar o importe das axudas nos casos que sexa posible, sempre dentro das posibilidades orzamentarias.

LS.2.2. Subvencións nominativas

Conclusións ou valoración global:

Os obxectivos específicos cumpríronse.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Limitar o nº de subvencións nominativas e levar a cabo liñas de subvencións de concorrencia competitiva.

LS.2.3. Agasallos de Nadal

Conclusións ou valoración global:

Os obxectivos específicos cumpríronse. Cabe sinalar que xa no ano 2022, e despois da elaboración dun informe técnico, estas axudas pasáronse a considerar “prestacións de carácter asistencial”.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Incidindo no anterior, enténdese que non deberían figurar no vindeiro Plan Estratéxico de Subvención, ao entenderse estas axudas como “prestacións de carácter asistencial”.

LS.2.4. Axudas á escolarización

Conclusións ou valoración global:

Os obxectivos específicos cumpríronse. Cabe sinalar que xa no ano 2022, e despois da elaboración dun informe técnico, estas axudas pasáronse a considerar “prestacións de carácter asistencial”.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Incidindo no anterior, enténdese que non deberían figurar no vindeiro Plan Estratéxico de Subvención, ao entenderse estas axudas como “prestacións de carácter asistencial”.

LS.2.5. Axudas e Becas de comedores escolares

Conclusións ou valoración global:

Os obxectivos específicos cumpríronse. Cabe sinalar que xa no ano 2022, e despois da elaboración dun informe técnico, estas axudas pasáronse a considerar “prestacións de carácter asistencial”.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Incidindo no anterior, enténdese que non deberían figurar no vindeiro Plan Estratéxico de Subvención, ao entenderse estas axudas como “prestacións de carácter asistencial”.

LS.2.6. Premio Solidario Cidade de Ferrol

Conclusións ou valoración global:

Os obxectivos específicos cumpríronse.

Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións:

Carácter bianual.

LIÑA ESTRATÉXICA 6 : PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCLUSIÓNS:

LS 6.1. Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol

Tipo de subvencións:

Concorrenza competitiva

Liñas de axuda:

Liña 1	Actividades que favorezan a participación cidadá entre a veciñanza dos barrios e das parroquias e gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais
Liña 2	Gastos de investimentos en novas tecnoloxías e mobiliario

Número de actuacións desenvolvidas, número de beneficiarios e cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas:

N.º total de actuacións desenvolvidas	42
N.º total de persoas beneficiarias	4.382
Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas	Poboación de Ferrol

ANO 2021

En relación coa Liña de subvención 6.1.- Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol, despréndese a seguinte **conclusión**:

- a) En canto á eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, cómpre indicar:
- Os recursos económicos previstos na área de Participación para ambas liñas de axuda foi dun total de 100.000 €, dos que se convocou finalmente a súa totalidade, non existindo polo tanto ningunha desviación.
 - En relación co crédito finalmente executado, do total de 100.000 € convocados para ambas liñas de axuda, executouse un total de 95.974,72 €, que se corresponde co importe total das subvencións concedidas, supoñendo unha desviación do 4,03 %, pero que non ten carácter significativo e considérase, polo tanto, que se logrou unha destacada execución presupostaria.
- b) En canto ó grao de cumprimento dos obxectivos previstos, a pesar da situación excepcional derivada da crise sanitaria do COVID no ano 2021 e tendo en conta, ademais, que o dito ano correspóndese co primeiro do plan estratéxico aprobado, pode valorarse positivamente en función do número de entidades veciñais que solicitaron subvención en ambas liñas de axuda, así como do número total de actuacións desenvolvidas polas mesmas en diversos ámbitos da cultura, do deporte, de ocio e tempo de lecer, formativos, sociais, etc., fortalecendo deste xeito a dinamización veciñal e reforzando ás ditas entidades no seu mantemento e funcionamento de cara a súa importante función de cauce da participación cidadá.

LS 6.1. SUBVENCÍONS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL

TIPO DE SUBVENCÍONS:

Concorrenca competitiva

LIÑAS DE AXUDA:

Liña 1	Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias.
Liña 2	Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

NÚMERO DE ACTUACÍONS DESENVOLVIDAS, NÚMERO DE BENEFICIARIOS E CIFRA DE POBOACIÓN DESTINATARIA DAS ACCÍONS SUBVENCIONADAS:

	Ano 2022	Comparativa co 2021		
		Ano 2021	Variación	% variac.
N.º total de actuacións desenvolvidas	60	42	+ 18	+ 30,00 %
N.º total de persoas beneficiarias	11.783	4.382	+ 7.401	+ 62,81 %
Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas	Poboación de Ferrol			

ANO 2022

En relación coa Liña de subvención 6.1.- Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol, despréndese a seguinte **conclusión**:

- a) En canto á eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, cómpre indicar:
- Os recursos económicos previstos no ano 2022 na área de Participación Cidadá para as liñas de axuda 1 (actividades de interese xeral) e 2 (gastos ordinarios de funcionamento) foi dun total de 100.000 €, na aplicación presupostaria 01103-9241-480.00, dos que se convocou a súa totalidade, non existindo polo tanto ningunha desviación.
 - En relación co crédito finalmente executado, do total de 100.000 € destinados para a convocatoria de subvencións en ambas liñas executouse completamente, xa que o importe total das subvencións concedidas foi de 100.000 €, sendo polo tanto a execución presupostaria do 100%, supoñendo en comparación co ano 2021 un incremento do 4,03 %.
- b) En canto ó grao de cumprimento dos obxectivos previstos, cabe mencionar:
- Con respecto ó nº de solicitudes de subvención, no ano 2022 houbo un total de 27 solicitudes, que en comparación co ano 2021 supón un incremento dunha solicitude.
 - Con respecto ó total de actuacións desenvolvidas, no ano 2022 houbo un total de 60 actuacións, que en comparación co ano 2021 supón un incremento de 18 actuacións máis, representando a diferenza unha porcentaxe do 30 % máis.
 - Con respecto ó total de persoas beneficiarias das actividades, no ano 2022 o nº total de persoas foi de 11.783, que en comparación co ano 2021 supón un incremento de 7.401 persoas, que representa unha porcentaxe do 62,81 % máis.

	- As actuacións desenvolvidas no ano 2022 polas entidades veciñais beneficiarias das subvencións realizáronse en diversos ámbitos da cultura, do deporte, do ocio e tempo de lecer, formativos, sociais, etc, fortalecendo a dinamización veciñal e reforzando ás ditas entidades no seu mantemento e funcionamento de cara a súa importante función de cauce da participación cidadá, podéndose valorar positivamente en función dos datos recollidos na parte expositiva, tanto no que respecta ó número total de solicitudes de subvención, como do total de actuacións desenvolvidas e do total de persoas beneficiarias das mesmas. c) Polo exposto, tendo en conta que se logrou cumprir o obxectivo de fomentar a realización de actividades de interese xeral, promovendo e impulsando a participación veciñal, segundo se desprende das actuacións desenvolvidas en diferentes ámbitos, así como do total de persoas beneficiarias, lográndose, ademais, unha satisfactoria e eficiente utilización dos recursos públicos, cómpre manter a liña estratéxica de subvencións 6.1 Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol para a anualidade do 2023 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023, así como suxerir a súa inclusión na elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións.
--	---

LIÑA ESTRATÉXICA 7 : MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO NATURAL

CONCLUSIÓNS:

	<u>LS 7.1 Colaboración para o “Proxecto Esmelle”</u> Grao de cumprimento: - Porcentaxe da subvención executada: 100%. - Número de actuacións desenvolvidas: 24. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: Poboación do termo municipal de Ferrol. - Número de beneficiarios: Parroquia de Esmelle. REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA, CONCLUSIÓN E SUXESTIÓNS: O importe da subvención non supón un desequilibrio orzamentario nin contempla outra obriga nin maior gasto que o crédito habilitado. A subvención tramitada supón a recuperación do patrimonio material e inmaterial do Val de Esmelle.
ANO 2021	<u>LS 7.2 Subvención Museo de Historial Natural</u> (Convenio de colaboración para a conservación e difusión do patrimonio natural galego a través do Museo de Historia Natural en Ferrol, asinado o día 25/09/2021). Grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos: - Porcentaxe da subvención executada: 100%. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: 5267 persoas, de forma directa ata o 30 de novembro de 2021. - % de beneficiarios directos e indirectos por sectores sobre o ano anterior: <i>O cálculo da porcentaxe sobre o ano anterior está afectado polas circunstancias acaecidas con motivo da Covid 19, que obrigaron ao peche do Museo en certos períodos.</i> <u>LS 7.3 -Subvención colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”</u> (Convenio de colaboración para levar a cabo o Proxecto de Recuperación dos Montes do Chá, asinado o día 22/11/2021). Grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos: - Porcentaxe da subvención executada: 100%. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: A totalidade da poboación. A recuperación deste espazo beneficia á poboación en xeral. - % de beneficiarios directos e indirectos por sectores sobre o ano anterior: <i>No ano anterior, esta entidade non tivo subvención por este mesmo concepto.</i>

	Conclusións ou valoración global das liñas LS 7.2 e LS 7.3: As subvencións tramitadas na LS 7.2 e LS 7.3 potencian o patrimonio natural do municipio, supoñendo un beneficio para a poboación en xeral. Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións con respecto ás liñas LS 7.2 e LS 7.3: Modificación das partidas orzamentarias, de cara a incluír gastos de investimentos nestas subvencións.
ANO 2022	<u>LS 7.1 Colaboración para o “Proxecto Esmelle”</u> Grao de cumprimento: - Porcentaxe da subvención executada: 62,19%. - Número de actuacións desenvolvidas: 10. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: Poboación do termo municipal de Ferrol. - Número de beneficiarios: Parroquia de Esmelle. REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA, CONCLUSIÓN E SUXESTIÓNS: O importe da subvención non supón un desequilibrio orzamentario nin contempla outra obriga nin maior gasto que o crédito habilitado. A subvención tramitada supón a recuperación do patrimonio material e inmaterial do Val de Esmelle. <u>LS 7.2 Subvención Museo de Historial Natural</u> (Convenio de Colaboración para a conservación e difusión do patrimonio natural galego a través do Museo de Historia Natural en Ferrol, asinado o día 28/6/2022). Grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos: - Porcentaxe da subvención executada: 100%. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: 8172 persoas, de forma directa ata o 30 de novembro de 2022. - % de beneficiarios directos e indirectos por sectores sobre o ano anterior: <i>O cálculo da porcentaxe sobre o ano anterior está afectado polas circunstancias acaecidas con motivo da Covid 19, que obrigaron ao peche do Museo en certos períodos. Neste ano 2022 acadáronse cifras prepandemia.</i> <u>LS 7.3 -Subvención colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”</u> (Convenio de colaboración para levar a cabo o Proxecto de Recuperación dos Montes do Chá, asinado o día 04/11/2022). Grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos: - Porcentaxe da subvención executada: 100%. - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: A totalidade da poboación. A recuperación deste espazo beneficia á poboación en xeral. - % de beneficiarios directos e indirectos por sectores sobre o ano anterior: <i>Ao tratarse dun espazo aberto e de libre acceso é difícil de cuantificar o número de beneficiarios. Fan uso do monte ciclistas, xinetes, sendeiristas, aficionados á fotografía... veciños e veciñas de Brión, de Ferrol e comarca e de fóra de Galicia.</i> Conclusións ou valoración global das liñas LS 7.2 e LS 7.3: As subvencións tramitadas na LS 7.2 e LS 7.3 potencian o patrimonio natural do municipio, supoñendo un beneficio para a poboación en xeral. Suxestións para a elaboración do seguinte plan estratéxico de subvencións con respecto ás liñas LS 7.2 e LS 7.3: Modificación das partidas orzamentarias, de cara a incluír gastos de investimentos nestas subvencións. Este ano 2023 a Xunta de Goberno Local en data 13/02/2023 aprobou a modificación do plan estratéxico en canto á LS 7.3 - Subvención colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”, en relación ás partidas orzamentarias para a inclusión de gastos de investimentos subvencionables nesta liña de axudas.

LIÑA ESTRATÉXICA 8 : IGUALDADE

CONCLUSIÓNS:

ANO 2021	<u>LS.8.1. Subvencións nominativas</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Ningunha en particular. <u>LS.8.3. Subvencións directas</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Non incluír esta liña de subvención por tratarse dunha liña excepcional só para o ano 2021.
ANO 2022	<u>LS.8.1. Subvencións nominativas</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos específicos cumpríronse. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Ningunha en particular. <u>LS.8.4. Concursos</u> Conclusións ou valoración global: Os obxectivos non se cumpriron por falta de presentación de solicitudes. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Non incluír esta liña de subvención por falta de participantes neste tipo de concursos.

LIÑA ESTRATÉXICA 9 : SEGURIDADE E TRÁFICO

CONCLUSIÓNS:

ANO 2021	LS 9.1.- Subvención a agrupacións de voluntarios en materia de protección civil do Concello de Ferrol (subvención nominativa) Conclusións e valoración global: Cumpríronse os obxectivos para os que foi concedida. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Sendo a AVPCF unha entidade esencial e necesaria na colaboración con este concello en materia de protección civil, que realiza labores de interese público, social e humanitario. E que, tanto o incremento no nº de voluntarios que conforman a AVPCF coma o incremento, moi significativo, de servizos solicitados e realizados pola Agrupación, fan necesaria a creación de diferentes departamentos que poidan xestionar a actividade. Isto require a dotación de medios axeitados e unha cobertura económica xusta para o mantemento da mesma. Polo que se considera conveniente revisar a contía desta subvención. Grao de cumprimento do Convenio: 100% LS 9.2.- Subvencións Directas - Subvención á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de los Llanos de Aridane (CIF. G76716885) Conclusións e valoración global: Cumpríronse os obxectivos para os que foi concedida. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Esta liña de subvención creouse con carácter excepcional e só para a anualidade 2021. A excepcionalidade debeuse a unha situación inusual, danos causados por unha catástrofe natural. Polo que non procede a súa prorroga. Grao de cumprimento do Convenio: 100%
-----------------	---

ANO 2022	LS 9.1.- Subvención a agrupacións de voluntarios en materia de protección civil do Concello de Ferrol (subvención nominativa) Conclusións e valoración global: Cumpríronse os obxectivos para os que foi concedida. Suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións: Sendo a AVPCF unha entidade esencial e necesaria na colaboración con este concello en materia de protección civil, que realiza labores de interese público, social e humanitario. E que, tanto o incremento no nº de voluntarios que conforman a AVPCF coma o incremento, moi significativo, de servizos solicitados e realizados pola Agrupación, fan necesaria a creación de diferentes departamentos que poidan xestionar a actividade. Isto require a dotación de medios axeitados e unha cobertura económica xusta para o mantemento da mesma. Polo que se considera conveniente revisar a contía desta subvención. Grao de cumprimento do Convenio: 100%
----------	---

LIÑA ESTRATÉXICA 11 : NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
CONCLUSIÓNs:	
ANO 2022	<u>LS 11.1. Subvención promoción da lingua: A Mocidade coa Lingua</u> - Tipo de subvención: Nominativa. - Beneficiario: Coordinadora de equipas de normalización lingüística de Ferrolterra (CENL). - Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas: En xeral, 12000 escolares en Ferrol e centros integrados na CENL conforme ao convenio asinado. - % de idades dos beneficiarios indirectos sobre o ano anterior: Incremento sobre o ano anterior Como artistas. +10 % entre 15 e 16 anos +12 % entre 16 e 18 anos Como público. +8 % entre 12 e 16 anos +5 % entre 16 e 18 anos - Porcentaxe de participación dos centros de ensino no termo municipal: Como artistas. 12 % dos centros Como público. 30 % dos centros Conclusións: Os obxectivos foron cumpridos de maneira satisfactoria, toda vez que a gravación foi un éxito no que respecta á calidade das composicións, os grupos escolares que mostraron un abano de xéneros musicais variados co fío condutor da nosa lingua, o que lle mostra á mocidade que é posíbel a música en galego, que é un dos obxectivos da actividades. Por parte do grupo profesional, actúa como modelo a seguir de música en galego cunha enerxía que transmite en cada momento. Destacar a boa composición específica para este festival dun novo tema sobre versos de Carvalho. Cabe destacar o incremento da participación na edición de 2022, tanto en alumnado como en número de diferentes centros de Ferrol e socios da CENL.